

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía nº 150/2022 de data 22 de marzo de 2022 de asunto: Resolución da reclamación presentada ao 1º exercicio tipo test para o acceso á praza de técnico de administración xeral para o departamento de Urbanismo e creación de bolsa ou lista de emprego e declarar deserto o dito concurso-oposición, acordouse:

Primeiro: Estimar, con base na contestación da Comisión Seleccionadora recollida na acta do día 18/03/2022, parcialmente a reclamación, procedendo a rectificar os erros materiais detectados no cadro do corrector, pero sen que elo supoña unha modificación da puntuación obtida polo reclamante na proba do primeiro exercicio tipo test para o acceso á praza de técnico de administración xeral para o departamento de urbanismo e creación de bolsa ou lista de emprego.

Segundo: Declarar, polo tanto, deserto o concurso-oposición para a selección dun técnico de administración xeral para o departamento de Urbanismo e creación de bolsa ou lista de emprego no concello de Melide ao non superar ningún dos aspirantes presentados o proceso selectivo.

Melide, 28 marzo de 2022

O alcalde

José Manuel Pérez Penas